

Tempos de cambio

Directiva AGAMFEC

CAD. ATEN. PRIMARIA 2005; 12: 196-196

Hai poucos meses produciuse en Galicia un cambio político que propiciou que o partido que gobernara practicamente de xeito ininterrompido dende hai case vinte anos tivera que dar paso a un goberno bipartito. O partido que asumíu a xestión da sanidade depositou a súa confianza en forma de nomeamentos para cargos de responsabilidade no Servizo Galego de Saúde en compañeiros que ata onte eran membros da Xunta Directiva da nosa Sociedade.

Isto significou cambios obrigados na xunta directiva da AGAMFEC, que foron ratificados na asemblea extraordinaria celebrada durante o congreso nacional da nosa especialidade en Santiago o pasado mes de novembro.

Esta nova directiva será a máis efímera da historia da nosa sociedade, xa que na primavera do 2006, convocarase unha asemblea xeral que terá que elixir aos novos cargos de responsabilidade por un periodo de tres anos, acto para o que animamos a presentar candidaturas a todos os que teñades ganas e ilusión en traballar no desenvolvemento da especialidade de medicina familiar e comunitaria.

O cambio político na xestión da sanidade galega implica, polas primeiras manifestación públicas dos seus responsables, certo grao de esperanza de saír do estado de inanición no que se atopa a nosa Atención Primaria. A Conselleira de Sanidade expresou en distintos foros -o último foi o noso congreso nacional-, a necesidade de situar a Atención Primaria de Saúde como eixo do sistema sanitario.

Explicitar esa intención é bó e necesario, pero non suficiente. Estamos algo cansos de oír dende o nacemento da nosa especialidade estes bos propósitos que xa a OMS recomendaba alá polo ano 1978 na tan nomeada -e en ocasións denostada- conferencia de ALMA ATA. Somos conscientes de que levar á práctica todo o que supón esa decla-

ración de intencións non é doado, pero agardamos que se empecen a dar os primeiros pasos nesa dirección, xa que últimamente temos a desagradable sensación de que máis ben nos estamos afastando dalgúns logros que se conseguirán nas primeiras fases da reforma da Atención Primaria.

Neste sentido seríamos os primeiros en aplaudir os cambios estruturais e funcionais necesarios para acadar os recursos suficientes para que os médicos de familia podamos desenvolver un traballo asistencial digno e de alta calidade. Entre estes recursos, o fundamental é tempo para atender axeitadamente os nosos pacientes, sen esquecer o acceso á tecnoloxía precisa para acadar ese fin.

Outras demandas, xa crónicas, son a necesaria coordinación entre niveis asistenciais, a posta en marcha de medidas que diminúan a burocratización das consultas, a ordenación das unidades de tarde, o desenvolvemento sostible do modelo de urxencias, unha política de traslados e opoicións periódicas, unha maior implicación da administración na formación continuada dos profesionais...

Tamén nos congratularíamos da implementación das medidas necesarias para a posta en marcha de forma integral de programas de saúde endémicamente deficitarios, por non dicir inexistentes, como o da muller e o de saúde mental.

Publicamente xa ofrecemos a colaboración e o apoio da nosa sociedade para a consecución deste e doutros obxectivos, e agardamos que canto antes se aprecien movementos que nos indiquen que se camiña nesa dirección.

Tamén manifestamos que se o cambio na sanidade galega se limita a novos nomeamentos e declaracións de intencións, por moito que estean en consonancia coas ideas que defendemos, seremos os primeiros en denunciálo e demandar concreción na transformación da nosa Atención Primaria de Saúde.